



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2022

1. DATOS DA CONVOCATORIA

Denominación:	Convocatoria para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas do concello de muros para o ano 2022
Aplicación orzamentaria:	Partida: 341.48000
Importe da subvención que se ha conceder:	de 150,00 € a 400,00 €
Importe solicitado:	Do 20 % ao 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento:	Variable entre 0,20 e 0,80

2. OBXECTO

A universalización da práctica deportiva ten un papel moi importante na sociedade, actuando de maneira transversal en moitos valores sociais de grande importancia para a mellora da calidade de vida da cidadanía. É por isto fundamental facilitar o acceso á práctica deportiva a través da consolidación da igualdade de oportunidades no deporte.

O Concello de Muros ten como obxectivo a promoción e difusión do deporte e é consciente dos esforzos de moitos e moitas deportistas con talento e do difícil que é progresar naqueles deportes que teñen un carácter individual. Por isto, esta convocatoria de bolsas ten como obxecto apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como facilitando a súa participación en eventos deportivos.

Considérase deporte de “carácter individual” todo aquel deporte que, segundo a súa regulamentación, é practicado por 1 ou 2 deportistas como máximo.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Exclúense da presente convocatoria os cursos dirixidos á obtención de títulos académicos ou deportivos.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que a persoa solicitante deberá comunicar ao Concello de Muros.

Inclúense nesta convocatoria os programas e actividades desenvolvidos dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do 2022.

3. TRAMITACIÓN

As bolsas desta convocatoria tramitaranse de xeito telemático a través da sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal).

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, pago, alegacións e recursos; incluíndo en cada unha delas, as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

A tramitación destas bolsas será de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, notificaránselles ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución das persoas admitidas e excluídas e a adxudicación das bolsas, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Muros, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Todo isto sen prexuízo do cumprimento da normativa vixente en materia de notificacións administrativas.

4. SOLICITANTES

Poderán participar nesta convocatoria os/as deportistas que reúnan os seguintes requisitos:

4.1. Os deportes practicados polos/as deportistas aspirantes á bolsa deberán pertencer a un dos deportes olímpicos e disciplinas asociadas, tanto de verán como de inverno, incluídos no programa oficial dos últimos Xogos Olímpicos.

Excepcionalmente admitiranse outros deportes que se puideran integrar nos seguintes Xogos Olímpicos e que estean aprobados polo COI.

4.2. Ser maior dos 10 anos no momento de solicitude da bolsa.

4.3. Acreditar a residencia no Concello de Muros mediante a presentación dun volante de empadramento.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

4.4. Contar con licenza federativa vixente no momento de solicitude da bolsa, expedida pola federación correspondente.

Unicamente se poderá solicitar unha bolsa por modalidade deportiva.

4.5. No caso dos/as menores de idade, a persoa solicitante será sempre o/a menor e o/a representante será o pai, nai ou titor/a legal do/a menor/a, que se responsabilizará de todas as obrigas como beneficiario/a da bolsa.

4.6. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

4.7. Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Obrigas das persoas solicitantes

Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A persoa que presenta a solicitude da bolsa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións dirixiranse a ese enderezo. Excepcionalmente e de forma xustificada, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificar esta circunstancia ao Concello de Muros.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- A persoa que solicite a bolsa, ou
- A persoa que a represente perante o Concello de Muros (se é distinta da que solicita a bolsa).

5. DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Muros, na páxina web: sede.muros.gal

Achegarse tamén a seguinte documentación que terá que vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola persoa que presente a solicitude da bolsa.

5.1. Documento nacional de identidade ou documento que regulamentariamente o substitúa. No caso de que o/a solicitante da bolsa xa achegase este documento, e non sufrise variación, non será necesaria a súa aportación.

Neste caso deberán identificar o expediente no que foi aportado.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

5.2. Certificado ou volante de empadramento no Concello de Muros no que deberá constar de forma expresa a data do seu empadramento, co fin de verificar o requisito da base 2.3. (antigüidade ininterrompida, polo menos, dende o 1 de xaneiro de 2019).

A data de expedición do certificado ou volante será posterior á publicación desta convocatoria no BOP.

5.3. Declaración de ter a licenza vixente na data da publicación no BOP das bases da convocatoria, expedida pola federación deportiva correspondente.

5.4. Historial deportivo do ano 2022 e do 2021, no que deberá constar datos como: participacións, resultados máis importantes obtidos en competicións de carácter oficial e federado (con especificacións de datas, lugar e nivel da proba).

5.5. Proxecto deportivo para a temporada 2022.

5.6. Declaración responsable doutras axudas.

5.7. Declaración de ter licenza vixente na data de solicitude da bolsa, expedida pola federación correspondente.

5.8. Se é caso, certificación (expedida pola Secretaría co Vº e prace da Presidencia do Club) da pertenza do/a deportista a un club.

5.9. Autorización ao Concello de Muros para solicitar as certificacións que deban emitir a Facenda Pública estatal e autonómica, o Concello de Muros e a Tesourería da Seguridade Social.

5.10. Declaración orixinal de estar ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública estatal e autonómica, co Concello de Muros e coa Tesourería da Seguridade Social.

5.11. Certificación orixinal dos datos bancarios da conta indicada para o ingreso da bolsa.

5.12. Declaración orixinal da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública e de aceptación das bases da convocatoria.

5.13. Compromiso da entidade de facer constar a colaboración de Concello de Muros en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades a través dos diferentes medios e redes sociais.

6. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da sede electrónica do Concello de Muros, na páxina web: sede.muros.gal

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

O prazo de presentacións será de 30 días dende a publicación da convocatoria específica no BOP previa autorización do gasto polo órgano competente.

O Concello de Muros publicará na súa web, www.muros.gal, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica a relación das persoas solicitantes admitidas e excluídas, polo que a presentación de solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos das persoas solicitantes e a súa publicación nos medios descritos.

As persoas solicitantes contarán cun prazo de 10 días dende a publicación da lista de admitidas e excluídas para formular as reclamacións necesarias e emendar erros. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas de exclusión, considerarase que desisten da súa petición nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015.

Tamén será causa de desistimento da solicitude non axustarse aos termos da convocatoria, ou o incumprimento dos requisitos establecidos nela.

7. ÓRGANO COMPETENTE, COMISIÓN DE VALORACIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

O tribunal encargado do outorgamento destas bolsas estará composto por:

- O/a concelleiro/a de Deportes
- Un/unha técnica do departamento de Deportes
- Un/unha persoa do departamento de Asuntos Económicos
- O secretario municipal ou persoa na que delegue, con voz pero sen voto.

A composición do tribunal publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Muros con anterioridade á súa reunión, co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución de Alcaldía.

O órgano instrutor da tramitación administrativa do expediente, á vista da documentación que consta neste e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras ou, se fora o caso, co informe emitido pola Comisión Técnica se estivera prevista, formulará a vista do informe emitido polo persoal técnico da área de deportes, unha proposta de resolución de concesión, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Esta proposta será fiscalizada. A Alcaldía do Concello de Muros ditará resolución de concesión e a disposición do gasto, que deberá notificárselles ás entidades interesadas na forma prevista na convocatoria no taboleiro de anuncios municipal, na web do Concello de Muros e na súa sede



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

electrónica. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se fora o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación, o cambio de obxecto, ou as alegacións que consideren oportunas. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polas persoas interesadas.

8. CONCESIÓN DAS BOLSAS E NOTIFICACIÓN

O tribunal formulará a súa proposta de selección de bolseiros e bolseiras e o órgano competente para ditar o acordo de adxudicación será a Xunta de Goberno Local, previo informe emitido polo persoal técnico da área de deporte respecto da aplicación do seguinte baremo.

8.1. As solicitudes valoraranse segundo os seguintes criterios:

a) Historial deportivo: ata 40 puntos.

Valorarase os resultados de maior nivel obtidos no ano en curso en campionatos oficiais e probas oficiais recoñecidas pola federación correspondente.

b) Proxecto deportivo: ata 40 puntos.

Interese do proxecto presentado, a proxección de futuro do/a deportista e a súa progresión.

c) Outros méritos: ata 20 puntos.

O tribunal poderá valorar outros méritos, segundo a documentación presentada pola persoa solicitante. Tamén se poderá valorar a especial dificultade ou dureza na consecución dalgunha das probas deportivas.

8.2 O tribunal poderá nomear os/as suplentes que considere oportunos/as, establecendo unha orde. Os/as suplentes accederán ás bolsas no caso de renuncia ou revogación por incumprimento das bases das persoas titulares.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o 31 de decembro do 2022.

Estas bolsas serán compatibles con outras axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, que a persoa solicitante deberá comunicar ao Concello de Muros.

As subvencións outorgadas serán aboadas a medida que sexan xustificadas.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo, iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

As bolsas aboaranse tras a presentación da certificación da federación deportiva correspondente acreditativa dos resultados obtidos no ano en curso.

Documentación xustificativa

Para o cobro da bolsa as entidades deberán presentar unha conta xustificativa, mediante a achega da documentación que, deseguido, se sinala:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos.
- Publicidade xerada nas competicións nas que participou o/a beneficiario/a.
- No caso de non realizar publicidade deberá presentar unha declaración na cal se manifeste que non realizou ningún tipo de publicidade.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse unha certificación da administración outorgante na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.
- Declaración orixinal de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Non se realizará o pago da subvención mentres a persoa non acredite que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a seguridade social, e non sexa entidade debedora por resolución de procedemento de reintegro.

10. OBRIGAS DOS/AS BOLSEIROS/AS

10.1. Cumprir as normas dos apartados anteriores.

10.2. Participar en probas ou encontros deportivos correspondentes á súa modalidade e categoría deportiva durante a temporada en curso.

10.3. Publicitar a súa condición de bolseiro/a do Concello de Muros nas competicións e nas actividades deportivas en que participe.

O incumprimento das condicións recollidas nestas bases, así como a renuncia á bolsa, terá como efecto a obrigatoriedade de devolución da cantidade percibida.

Coas persoas que resulten beneficiarias destas bolsas o Concello de Muros poderá programar algunha actividade por medio da cal se mostre o seu aproveitamento



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

Disposición adicional primeira e final

Estas bases entrarán en vigor a partir do día seguinte da súa publicación do texto integro no BOP mantendo a súa vixencia ata a súa derogación ou modificación expresa.

A alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

PROCEDEMENTO

BOLSAS A DEPORTISTAS DO CONCELLO DE MUROS PARA O ANO 2022

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
DATA DE NACEMENTO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa ou entidade representante

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de <https://muros.sedelectronica.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚM	BLOQ	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO

MODALIDADE/ESPECIALIDADE DEPORTIVA PRACTICADA	CLUB DEPORTIVO
<input type="text"/>	<input type="text"/>



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas no exercicio 2022:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se presentan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Declaro o meu compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Muros en toda a información e publicidade que realice.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- DNI ou documento que regularmente o substitúa
- Certificado ou volante de empadramento
- Declaración de ter licenza vixente expedida pola federación correspondente
- Certificación da federación
- Autorización de representación (de ser o caso)
- Documento acreditativo da patria potestade ou tutela (copia do libro de familia ou calquera outro documento que o acredite), só no caso de solicitantes menores de idade
- Historial deportivo do ano en curso e do anterior (anexo II)
- Proxecto deportivo para a temporada actual (anexo III)
- Certificación orixinal dos datos bancarios

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias coa Facenda Pública estatal e autonómica	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento co Concello de Muros	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Tesourería da Seguridade Social	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Concello de Muros. Concellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica do Concello de Muros ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	
Actualización normativa: No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento Xeral de Protección de Datos.	



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas do Concello de Muros publicadas no BOP núm. 188 do xoves, 3 de outubro de 2019.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Concellería de Deporte

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO II (FASE DA SOLICITUDE)
HISTORIAL DEPORTIVO DO ANO EN CURSO E DO ANTERIOR

PARTICIPACIÓNS, RESULTADOS MÁIS IMPORTANTES OBTIDOS EN COMPETICIÓNS DE CARÁCTER OFICIAL E FEDERADO (CON
ESPECIFICACIÓNS DE DATAS, LUGAR E NIVEL DA PROBA)



**CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)**



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO III (FASE DA SOLICITUDE)
PROXECTO DEPORTIVO PARA A TEMPORADA 2022 - 2023



**CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)**



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO IV (FASE DA XUSTIFICACIÓN)
MEMORIA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO V (FASE DA XUSTIFICACIÓN)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas no exercicio 2022:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta xustificación e nos documentos que se presentan son certos.

3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Declaro estar ao corrente coas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas do Concello de Muros publicadas no BOP núm. 188 do xoves, 3 de outubro de 2019 e as bases específicas desta convocatoria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO II (FASE DA SOLICITUDE)
HISTORIAL DEPORTIVO DO ANO EN CURSO E DO ANTERIOR

PARTICIPACIÓNS, RESULTADOS MÁIS IMPORTANTES OBTIDOS EN COMPETICIÓNS DE CARÁCTER OFICIAL E FEDERADO (CON
ESPECIFICACIÓNS DE DATAS, LUGAR E NIVEL DA PROBA)



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO III (FASE DA SOLICITUDE)
PROXECTO DEPORTIVO PARA A TEMPORADA 2021 - 2022



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO IV (FASE DA XUSTIFICACIÓN)
MEMORIA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

Empty rectangular box for the content of the report.



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)



CONCELLO DE MUROS
CONCELLERÍA DE DEPORTE

ANEXO V (FASE DA XUSTIFICACIÓN)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas no exercicio 2021:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que todos os datos contidos nesta xustificación e nos documentos que se presentan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaro estar ao corrente coas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Bases xerais reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de bolsas para deportistas do Concello de Muros publicadas no BOP núm. 188 do xoves, 3 de outubro de 2019 e as bases específicas desta convocatoria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza 1, Muros 15250 A Coruña 981 826 050